



A Cámara non cuestiona os datos persoais que aportan os deputados

O Parlamento de Galicia reivindica a honorabilidade dos seus deputados

- Os intentos de xeneralización resultan inxustos, porque non se corresponden coa realidade e transmiten unha visión distorsionada do labor parlamentario

Santiago, 16 de febreiro de 2010.- O Parlamento de Galicia reivindica a honorabilidade e o bo facer dos seus deputados e apunta que calquera feito irregular que poda ter sucedido se investigará, pero non por elo debe ser visto como un comportamento xeneralizado.

Calquera intento de xeneralización resulta inxusto, por non axustarse á realidade e proxectar unha imaxe distorsionada do labor parlamentario.

As indemnizacións aboadas polos servizos da Cámara xestiónanse de acordo cos datos facilitados por cada un dos deputados ao inicio da Lexislatura, no marco do Acordo de 15 de marzo de 2006 sobre o réxime económico dos/as deputados/as e grupos parlamentarios da Cámara galega.

O Parlamento de Galicia non ten por qué dubidar dos datos persoais facilitados polos deputados ao inicio de cada lexislatura e que serven como base para o pagamento das indemnizacións ás que cada un deles teña dereito. Sen prexuízo disto, a Cámara reitera a súa disposición para analizar e corrixir calquera anomalía que poda detectarse.

Compromiso coa austeridade

O Parlamento de Galicia insiste en que ningunha xeneralización debe poñer en dúbida o compromiso coa austeridade que caracteriza a actual Lexislatura, nun contexto de crise económica que o condiciona todo. Lembra, por iso, que a primeira medida adoptada pola actual Mesa do Parlamento, en materia de retribucións, consistiu en reducir nun 3% os salarios dos deputados para o ano 2010.

Ademais, o presuposto desagregado específico do Parlamento galego para 2010 reduciuse nun 5,29%, ao pasar de 19.557.200 euros de 2009 a 18.523.560 euros programados para 2010, o que supón un recorte de 1.033.640 euros en termos absolutos.

No marco desta política de contención do gasto, unha das primeiras medidas impulsadas pola presidenta do Parlamento, Pilar Rojo, consistiu na implantación dun plan de austeridade que permitiu reducir os gastos do Parlamento 1,7 millóns de euros no último cuadrimestre do ano que acaba de rematar.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.